



## PROCEDIMIENTO PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE ADMISIÓN (ED550B) PARA O CURSO 2023/2024

**Prazo de presentación de solicitudes:** do 1 ao 20 de marzo de 2023.

### Importante:

- A solicitude de admisión presentárase no centro indicado en primeiro lugar, alegando os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren, e poderá conter ata 6 centros por orde de preferencia.
- A solicitude será única e terá carácter vinculante.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

### Presentación das solicitudes de admisión:

1. De **forma presencial** no centro docente, mediante o **formulario** normalizado **ED550B**.
2. A través da **aplicación** de xestión do proceso **[admisionalumnado](https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado)**.  
<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>
  - 2.1 Cubrir a solicitude informaticamente e presentala asinada de xeito manual no centro.
  - 2.2 Cubrir o formulario e coa **Chave 365** asinala en Sede Electrónica.





**Documentación necesaria:**

- **Anexo II (ED550B).**
- **Copia do DNI da persoa solicitante** e dos membros computables da unidade familiar, cando deneguen a súa consulta automatizada.
- **Orixinal e copia do libro ou libros de familia** ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- Convenio regulador ou resolución xudicial en caso de separación ou divorcio.
- **Certificado do padrón municipal** (só en caso de puntuar polo criterio de proximidade do centro educativo ao domicilio familiar).
- **Domicilio laboral** (só en caso de puntuar polo criterio de proximidade do centro educativo ao lugar de traballo).
- **Discapacidade igual ou superior ao 33%:** certificación emitida polo órgano competente da Xunta de Galicia ou, se é o caso do órgano competente doutras administracións públicas.
- **Familia numerosa:** fotocopia do título oficial de familia numerosa ou da solicitude de recoñecemento ou renovación. Neste último caso deberá achegar a fotocopia do título, da súa renovación ou do carné, antes da resolución do procedemento de admisión do alumnado.
- **Familia monoparental:** certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.
- **Renda anual *per cápita* da unidade familiar.** Para o cálculo sumaranse as caseiras 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) das declaracións do 2021, segundo se realicen xuntas ou por separado e dividida entre o número de membros computables da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro do 2023.



IPREM	Puntos
Inferior a 3.600€	3
Igual ou superior a 3.600€ e inferior a 5.400€	2
Igual ou superior a 5.400€ e inferior a 7.200€	1
Igual ou superior a 7.200€	0

- **Criterio complementario aprobado polo centro \***: ser filla ou fillo de exalumna ou exalumno do centro escolar.

( \* ) Aprobado pola titularidade do centro por proposta do Consello Escolar.